

# BOE DE HOXE 7 DE XANEIRO PUBLICA RESOLUCIÓN DA SECRETARIA DE ESTADO CON INSTRUCCIÓN PARA ABONO A TODO O PERSOAL DO SECTOR PÚBLICO DO INCREMENTO SALARIAL 0,5% CON ATRASOS DENDE XANEIRO DE 2023

Santiago de Compostela 08/02/24

Unha vez máis o Acordo Marco para unha Administración do S.XXI do 19 de outubro de 2022, asinado por UGT-SP volve a amortecer e paliar os efectos da inflación e continúa mellorando as condicións salariais das empregadas e empregados públicos. Unha primeira subida do 2,5%, a segunda do 0,5% retroactiva dende xaneiro de 2023, e esta terceira do 0,5% retroactiva dende xaneiro de 2023, **acumulamos un incremento por este Acordo estatal para 2024 do 3,5% consolidable e revalorizable para 2024.**



Hoxe a Resolución do 7 de febreiro de 2024, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, dicta instrucións sobre o pago ao persoal do Sector Público Estatal do incremento retributivo complementario do 0,5, que terá efectos do 1 de xaneiro de 2023 e **abonarse na nómina do mes de febreiro de 2024**, e deberá figurar o concepto “Abonos atrasos incremento 0,5% PBI 2023.

O noso compromiso e responsabilidade permite **acumular e continuar acadando melloras reais e tanxibles**, #ConUGTgañas

## AS COUSAS COMO SON

